



Concello de  
Ribadumia

## CONCURSO DO ENTERRO DA GALIÑA 2023

### *Bases do Concurso de Disfraces do Enterro da Galiña 2023 convocado polo Concello de Ribadumia*

O Concello de Ribadumia convoca o Concurso de Disfraces do Enterro da Galiña 2023, segundo as seguintes bases:

- 1.- Poderán participar no concurso tódalas persoas que o desexen, sen límite de idade
- 2.- Establécense tres categorías de premios, cun premio en cada unha delas:
  - Individual: vale de compra no comercio de Ribadumia, por valor de 100 €
  - Parellas: vale de compra no comercio de Ribadumia, por valor de 200 €
  - Grupos: vale de compra no comercio de Ribadumia, por valor de 300 €

Os vales que se entregarán terán un importe mínimo de 20 euros e unha caducidade máxima de tres meses.

3.- O "cortexo" do Enterro da Galiña sairá dende o Centro Social de Barrantes ás 19:30 horas do día 25 de febreiro de 2023.

4.- Antes da saída e durante o percorrido se realizará a avaliación dos disfraces, polo xurado que se constitúa ó efecto e a entrega de premios levarase a cabo ó remate do percorrido despois da lectura do "Pregón".

5.- O xurado valorará principalmente a estética, orixinalidade e **creatividade dos disfraces, e a elaboración propia, traballo artesanal e emprego de materiais de refugallo**, podéndose valorar tamén outros aspectos tales como detalles de maquillaxe, simpatía, posta en escena, etc

6.- As bases do presente concurso expóranse ó público a fin de fomentala participación no mesmo.

Ribadumia, 13 de xaneiro de 2023.

O Alcalde.

*Documento asinado dixitalmente.-*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70004490F00H2V5S0L2W7Z5 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 17/01/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/01/2023 10:01:12

EXPEDIENTE :: 2023308  
23000001  
Fecha: 13/01/2023  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL

CSV: 07E70004490F00H2V5S0L2W7Z5

